

A ILUSTRE FIGURA DE JÁCOME FERNÁNDEZ E A SÚA OBRA EN CANGAS

Luis Martín Carnero Feijóo

A figura deste arquitecto galego foi ben estudada por Vila Jato e por Goy Diz, en cuxas investigacións se basea o presente artigo. Jácome vai ser unha figura un tanto escura e non moi estudada, mais si que ten realizada unha ampla *obra*, parte dela en Cangas. O certo é que é unha figura que relacionamos co taller galaico-portugués, do que absorbe moitas influencias e a realidade vennos dicir que foi unha das principais figuras da arquitectura en Compostela no primeiro cuarto do século XVII.

A arquitectura de Jácome retoma a pureza construtiva e desornamentada. Do seu traballo realizado para Mateu López vai extraer coñecementos de textos técnicos e de láminas que utilizaba nos seus deseños. Ambos foron admiradores das obras de Serlio e Vignola, e é moi probable que coñecese os *Quattro Libro dell'Architettura* de Andrea Palladio, adaptado, por outra banda, ás reformas do Concilio Tridentino, o que porá as bases para o futuro estilo Barroco.

A vida deste insigne arquitecto móvese entre Cangas, Pontevedra e Santiago. Críase en torno ás obras de Santa María de Pontevedra, da que seu pai chegou a ser o mestre de obras. Alí é onde coñecería a Mateu López, representante da escola portuguesa da que Jácome bebería en influencias.

A partir do ano 1583, Jácome pasa a residir na Vila de Cangas, onde casa con Ana Lorenza e teñen polo menos seis fillos coñecidos. Van vivir no Outeiro, nunha casa aforada ao mosteiro de Armenteira. A súa presenza en Cangas non sabemos a que se *debe*, mais tras o ataque do pirata Drake en 1585 na Ría de Vigo vaise dedicar a reconstruír edificios pola zona. Non obstante, tras fixar a súa residencia en Cangas, a súa principal tarefa vai ser a construción da fachada da Igrexa Colexial (Imaxe 1).

O primeiro historiador da arte que valorou a fachada da Colexiata foi Bonet Correa, poñéndoa en relación coas fachadas-retablo que se estaban a construír en Galicia e Portugal no Renacemento. Cómpre sinalar a importancia da portada da de Cangas palas analoxías que vai ter coa fachada da igrexa de San Martiño Pinario, San Gonzalo de Amarante e Santo Domingo de Viana do Castelo. De feito, a propia Vila Jato fálanos da fachada de Cangas como o precedente, o ensaio previo, para a realización da fachada de San Martiño Pinario, obra de Mateu López (Imaxe 2). Esta mesma autora é a que afirma que as trazas para Cangas e para San Martiño van xurdir da adaptación do retablo-sepulcro do Cardeal Francisco Blanco, que se atopa na Igrexa da Universidade de Santiago (Imaxe 3).



A actual Igrexa de Cangas comézase a edificar no 1565 sobre os restos da anterior, unha igrexa que se comezara a levantar en 1493 pola necesidade dun lugar de culto para os veciños da vila. A data coñecémola por un documento no que a vila chega a un acordo para a súa erección co Conde de Camiña, don Álvaro de Soutomaior; xa que por aquel entón estaba Cangas dentro do seu Señorío Xurisdiccional, aínda que en disputa co Arcebispo de Santiago pola súa titularidade. Non obstante, esa igrexa, posiblemente de estilo gótico mariñeiro, quedara pequena para os habitantes de Cangas, de tal forma que se comeza a facer un novo templo na referida data de 1565 seguindo as trazas de Pero Fernández e conservando do templo anterior exclusivamente a sacristía. Trátase dunha igrexa columnaría de tres anchas naves, de



Santísimo Cristo do Consolo.

Desta capela podemos destacar que se atopa adosada á nave norte da igrexa, xusto ao lado da portada setentrional. A capela é rectangular e conta cunha ventá oxival no seu lado esquerdo. O seu arco formeiro é de medio punto, mais os arcos laterais de dentro da capela son apuntados, polo que conforma unha bóveda que mestura a de aresta coa de cruzaría. Ten 20 nervaduras que a conforman e as súas ligaduras nas claves ornáméntanse con 7 medallóns, seis deles refiren anxos, e a clave central o anagrama JHS.

Os 4 nervios diagonais ou arcos cruceiros xorden dos apoios nas esquinas internas da capela, tamén con caras de anxos (Imaxe 4).


O 13 de xaneiro de 1585 no adro e cemiterio da Colexial de Cangas, reunidos os veciños da vila baixo a presidencia do Xuíz da Xurisdición Xerónimo de Gaunz, o procurador xeral e xustizas estando xa rematado o corpo da igrexa, deciden que é conveniente comezar coa construción da portada principal. O remate da súa adxudicación fíxose estando presentes 6 mestres, quedando adxudicada a Jácome Fernández por 938 ducados.



A fachada caracterízase pola súa importancia arquitectónica e escultórica e de feito Jácome non vai traballar só, pois sabemos que Antonio Rodríguez, por exemplo, encárgase de 3 das esculturas. É moi importante destacar o detallismo con que está redactada a escritura das condicións da obra da portada, cunha terminoloxía descoñecida para a canteiría galega do momento, moi ligada ao mundo da tratadística arquitectónica e polo tanto, o seu redactor debeu de ser un arquitecto con grandes coñecementos teóricos. Ademais, para o caso que nos ocupa, consérvase a traza da portada de Cangas no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (Imaxe 5).

A portada atópase entre dous imponentes contrafortes que a enmarcan e que serven para contrarrestar o empuxe dos arcos formeiros que dividen a nave central das laterais e que suxeitan o teitume. A composición da portada é de dous corpos con tres rúas (sendo a do medio máis ancha) e rematada con frontón triangular.

O primeiro corpo está composto por 4 columnas xónicas sobre plintos, estando dúas a cada lado da porta. En cada unha das rúas laterais hai dúas peanas superpostas e sobre elas imaxes. Na rúa da esquerda



observamos un Santiago Peregrino e sobre el a san Gregorio, cunha mellor calidade técnica, e na rúa da dereita a Virxe co neno e sobre ela unha imaxe dun togado que non podemos recoñecer. A porta é de arco de medio punto e na súa parte superior, nas enxutas, hai dous bustos, un de home e outro de muller, un a cada lado do arco da porta, aos que nos referiremos posteriormente.

O segundo carpo componse da mesma forma, con catro columnas xónicas que o dividen en tres rúas e entre as columnas, hai tamén catro peanas para albergar imaxes. Na actualidade só están ocupadas as superiores por dúas imaxes de difícil recoñecemento e baixo veneras. Na rúa central, sobre a porta, atópase un gran espello de forma oval que iluminaría o interior da igrexa, especialmente o Sagrario, ao caer o sol. Nos ángulos do espello atopámonos cos 4 Tetramorfos, que son as representacións dos 4 evanxelistas. No friso do segundo corpo hai unha cinta de decoración continua de motivos vexetais na que se dispoñen cabezas de anxos, semellante tamén a San Martiño Pinario.

Por último, na parte superior atópase un frontón triangular e no seu centro o Deus Pai en actitude de bendicir coa súa man dereita (da mesma forma que en San Martiño Pinario). O frontón remátase con tres pináculos, e da mesma forma, cun pináculo, tamén rematan as columnas externas á altura do frontón. Na parte superior da portada actualmente hai unha cruz de pedra, mais é do século XX, posto que no ano 1909 aínda pervivía unha antiga cruz de forxa que remataba todo o conxunto.

Os dous medallóns que ten e que fan referencia a un home e unha muller dos que descoñecemos a súa identidade, poderíamos debullar unha posibilidade pola súa semellanza cos dous medallóns que aparecen na portada de Santa María de Pontevedra e que, por suposto, Jácome coñecería. No caso de Pontevedra, os medallóns son os bustos dos Reis de España, Carlos I e Isabel de Portugal os reis máis representados na escultura galega.

Seguindo ao profesor da Universidade de Santiago Manuel Gago, era unha poderosa mensaxe política que nos fala das tensións internas da sociedade galega na Idade Moderna. No caso que nos ocupa, de representar aos reis de España, pretendería significar o poder real, sancionando e protexendo á igrexa parroquial e polo tanto á Vila de Cangas. O rei adoita aparecer representado en proxectos promovidos por grupos burgueses ou poderes urbanos, non pola aristocracia, e xustamente é o caso de Cangas, posto que a obra da igrexa é promovida polo Concello e o Gremio de Mareantes.

Todo isto entra en relación cunha institución de nova creación, a Real Audiencia do Reino de Galicia, un tribunal que se fora constituíndo paulatinamente dende finais do século XV e que no XVI é cando cobra pulo como unha institución fundamental para o país. Tratábase do primeiro contrapoder efectivo en séculos contra os abusos señoriais. A Galicia dos séculos XV e XVI estaba farta dos abusos de poder señoriais -da aristocracia e do alto clero- e da indefensión. E se recordamos, isto encaixaría perfectamente co caso de Cangas, posto que estaba en disputas de se pertencía ao Señorío de Santiago ou ao dos Soutomaior. A Real Audiencia foi empregada pola monarquía como ferramenta para asentar o seu poder sobre o país, e de feito vaise encher de preitos de veciños contra os señores nobiliarios e eclesiásticos, polo tanto, a imaxe do rei era unha declaración de intencións fronte aos señores.

Se volvemos con Jácome, unha vez rematada a portada, no ano 1589 sabemos que volve a Pontevedra, onde vai traballar na finalización da Igrexa de Santa María e tamén no baluarte da fortaleza.

A súa sona en Cangas debeu de ser certera e no 1596 volve para acometer o encargo de Martín de A Boubeta, labrador veciño de Coiro e adiñeirado, que lle encarga a construción dunha capela na Igrexa de Coiro. Esta obra, ao ser privada e dun labrador era de pouca financiación, 200 reais. A capela atopábase no muro setentrional, no antigo claustro e próxima á capela maior. Non obstante, a igrexa actual é obra dos irmáns Novas, veciños de Tui, en 1784, polo que nada se conserva desta capela de Jácome Fernández.

Despois da construción desta capela volve a traballar a Pontevedra, onde no ano 1599 o Concello vaille encomendar reparar o antigo cárcere da cidade. Non obstante, vai ser das súas últimas grandes obras por estas zonas, posto que dende 1603 vai residir en Santiago traballando para a Fábrica da Catedral e sabemos que en 1604 vende as súas propiedades en Pontevedra e trasládase definitivamente a Santiago.

Vai alcanzar grande sona e dende 1609 ocupa o posto de mestre de obras, que ata entón ocupaba o andaluz Ginés Martínez, ata a súa morte en 1618. Sendo mestre de obras realizará o Colexio Novo encargado polo Arcebispo Juan de San Clemente en Compostela, o que actualmente coñecemos como Colexio de San Clemente e no que se ubica o IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, a pesar de que Jácome vai morrer sen que estea rematado.

Non abundan os datos sobre a súa vida, mais é probable que viaxase por Castela, especialmente por Valladolid, para coñecer os novos modelos imperantes da época como medio de formación para alcanzar ser mestre de obras na Catedral. Nese posto, vai ser o encargado de proxectar e supervisar as obras que se realicen na cidade de Compostela, entre os máis importantes destacan o do abastecemento de auga á cidade e tamén o do empedrado das rúas e reparacións das prazas. Entre as súas obras máis notorias a maiores do Colexio de San Clemente, son a urbanización, por orde do Cabido, da Praza da Quintana e da Porta Santa e a realización da Galería da Balconada da Catedral e a Torre da Vela, que pechan o claustro cara a Praza do Obradoiro.

En definitiva, podemos afirmar que a figura de Jácome Fernández vai ser moi relevante, especialmente nese primeiro cuarto do século XVII, e que en Cangas está presente unha das súas grandes obras iniciais, a portada da Colexiata. Como vemos, había un gran movemento de mestres de obras, que aplicaban as novidades estilísticas que ían chegando dende fóra.

Cangas, a pesar de estar na zona máis meridional do Señorío de Santiago, podemos comprobar como ten moitos lazos que a unen coa capital e que, como vemos, incluso a portada da Colexiata é considerada o ensaio previo para a construción da portada da igrexa de San Martiño Pinario, que é o segundo mosteiro máis grande de España. Por último, xa a nivel persoal, gustaríame destacar que a figura de Jácome Fernández non está a ser todo o destacada que debera e por iso, para divulgar a súa obra e promover a súa consideración coma un importante arquitecto, escribín estas liñas.

Luis Martín Carnero Feijóo

Historiador e Profesor de Ciencias Sociais Xeografía e Historia en Ensino Secundario

(Artigo publicado en “Asoc. del Stmo. Cristo del Consuelo”. Agosto, 2024. Cangas)